

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de outubro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de outubro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Antonio LorenzoCalviño

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 4 de agosto de 2022 (RE-E núm. 379), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ANTONIO LORENZO CALVIÑO
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE CRISTIMIL, PARROQUIA DE SAN CRISTOVO DO AZ
REPRESENTANTE	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	CRISTIMIL
PARROQUIA	SAN CRISTOVO DO AZ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	001603500NH83B0001QA
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, con data 03/08/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	79.902,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 21/10/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (1.598,05 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento

que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### 3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

#### — Gandería Casa Tenro, S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 25 de agosto de 2021 (RE-E núm. 288), coas seguintes características:

#### DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDERÍA CASA TENRO S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE BARBEITOS, PARROQUIA DE NEGRELOS
REPRESENTANTE	RAFAEL SEÑARÍS GONZÁLEZ
DNI	██████████

#### DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO DE CEBO
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A052008250000PX 36047A052008260000PI 36047A052008240000PD 36047A052008270000PJ
LUGAR	BARBEITOS
PARROQUIA	NEGRELOS
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 15/10/19 )

TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 15/07/19 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	998 PORCOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra e anexo asinados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Rafael Señarís González (visado colexial núm. ██████████, do 04/08/21 e anexo de data 01/08/22).
- Acta de comprobación favorable de data 13/10/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento

que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Requirir á promotora para que no prazo máximo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo, proceda a instar no Concello a legalización, de ser o caso, da construción de planta rectangular, destinada a servizos (local de control, oficina e aseo) e para o apoio dun depósito de auga de reserva para a explotación, que carece de título habilitante municipal, coa advertencia de que, de non facelo así, procederase polo Concello a incoar o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, de conformidade co previsto no artigo 153 e concordantes da LSG.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

#### ***4.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023***

VISTA a instancia presentada por Dona Mélodi Conde Vales, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Latiza, parroquia de Álceme (RE núm. 1632, do 07/10/22), pola que solicita o aumento da xornada que ten asignada o seu fillo Hugo Ríos Conde como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, pasando da quenda de mañá inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 20/10/22, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de novembro de 2022.

## 5.- CONCESIÓN DA SEXTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 21/10/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a sexta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coas contías e destinos que se especifican:

### Investimentos

BENEFICIARIO/A	DNI	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	237,00 €	Pagamento de lentes.
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	720,00 €	Pagamento de lentes.

### Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	500,00 €	Alimentación, produtos de hixiene e limpeza, roupa e calzado; axuda de apoio á infancia.
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	500,00 €	Pagamento de recibos.

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	321,65 €	Gastos de aluguer, pago de recibos e abono de material escolar.
████████████████████	██████	Vilanova – Camba	200,00 €	Alimentación, produtos de hixiene e limpeza e pago de recibos.

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 26/09/22, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde en data 03/10/22, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na realización de clases da actividade deportiva Zumba Fitness no pavillón polideportivo municipal (oito horas mensuais, prestadas os luns e xoves), a Dona BEGOÑA LÓPEZ PENAS, con DNI núm. ██████████ e con domicilio en Lalín, ao prezo de CATROCENTOS OITENTA E CATRO EUROS (484,00 €) mensuais, IVE incluído.

Segundo.- O período de contratación estenderase entre os días 1 de novembro de 2022 e 31 de xullo de 2023, sen posibilidade de prórroga.

Terceiro.- Establécese como cláusula especial resolutoria do contrato, ademais das previstas legalmente e sen dereito de indemnización á

adxudicataria, a circunstancia de que durante dous meses consecutivos ou tres alternos o número de usuarios/as matriculados/as na actividade e ao corrente de pago sexa inferior a dez (10).

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 340/226 do presuposto en vigor.

## 7.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Carboentes

VISTO o escrito presentado por Dona TAMARA ALBOR FERNÁNDEZ, veciña do lugar de Baroncelle, parroquia de Carboentes (RE núm. 1688, do 18/10/22), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de Santo Estevo de Carboentes, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 30 de setembro; e 1 e 2 de outubro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

- Asociación O Falar das Pedras

VISTA a instancia presentada por Dona Irma López Losada, na representación da ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE-E núm. 478, do 30/09/22), pola que solicita a cesión temporal da instalación de titularidade municipal coñecida como "*pavillón polideportivo municipal*", sito no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, para a realización dunha actividade deportiva de zumba, os martes de 20:30 a 21:30 horas e os xoves de 20:00 a 21:00 horas. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a cesión temporal da instalación municipal sinalada para o fin solicitado (actividade deportiva de zumba).
2. Establecer a gratuidade de dita cesión ao tratarse dunha Asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro (inscrición núm. [REDACTED]), de conformidade co previsto no artigo 233 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

3. A autorización enténdese outorgada unicamente para a finalidade solicitada, quedando prohibido calquera outro uso da instalación alleo a dita finalidade sen previa autorización expresa do Concello.
4. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do material que os/as participantes na actividade depositen no local, que deberá ser recollido diariamente ao remate da actividade, deixando a instalación baleira para outros eventuais usos.
5. Non se poderá realizar ningún tipo de obra ou modificación no local cedido sen previa autorización expresa do Concello.
6. A presente autorización se entende concedida "a precario" podendo ser revogada ou suspendida temporalmente en calquera tempo polo Concello si a devandita instalación municipal faise necesario no futuro para outros usos de carácter público; revogación ou suspensión que, no caso de acordarse, non dará dereito algún de indemnización á asociación solicitante.
7. O Concello non se fará responsable polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos/as usuarios/as que estean motivados polo desenvolvemento da actividade ou polo mal uso da instalación cedida e, aos citados efectos, a asociación solicitante deberá acreditar ante o Concello, con anterioridade ao inicio da actividade, ter asegurada a responsabilidade civil durante todo o tempo que dure a mesma.
8. Esíxese aos/ás técnicos/as, monitores/as e alumnos/as usuarios/as a utilización axeitada da instalación cedida temporalmente e o bo uso dos seus elementos, sendo responsable a asociación beneficiaria dos eventuais danos producidos na instalación polo uso descoidado ou negligente desta.
9. A presente autorización extinguirase no seu caso co remate anticipado da actividade, que deberá ser comunicada expresamente ao Concello e, en calquera caso, o día 31 de xullo de 2023. A prórroga de dita data, de ser o caso, deberá ser solicitada expresamente e obxecto dun novo acordo por parte deste órgano.
10. No suposto que, con posterioridade ao presente acordo, outras asociacións legalmente constituídas e inscritas no Rexistro municipal, soliciten e se lle conceda o uso da mesma instalación municipal cedida, esta deberá ser compartida polas asociacións autorizadas, nas condicións fixadas entre elas por mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.

## 8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 457,08 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A1371 e 22A1370 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 70,33 €  
Por subministro de reposto informático, s/factura núm. 22A1308 (FACe).
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 462,66 €  
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 21598.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-J2U1-007931 e 28-J2DD-042735 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 253,79 €, 176,90 € E 378,23 €  
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6Z30001360, TA6Z30001361 e TA6Z30001362 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 179,34 € E 448,05 €  
Por seguros anuais de vehículos municipais, s/facturas núm. 75202219900020007063 e 75202219900020007101 (FACe).
- PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A.U. 503,44 €  
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202200002552 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 944,40 €  
Por taxa polo servizo de recollida de animais abandonados no ano 2022, s/cargo.
- ASPY PREVENCIÓN S.L.U. 135,00 € E 45,00 €  
Por recoñecementos médicos a empregados/as municipais, s/facturas núm. 2022089453 e 2022089492.

- LINCOLD IBÉRICA S.L. 1.217,50 €  
Por subministro de cloro para o abastecemento municipal, s/factura núm. FV00003635 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 1.044.86 € E 49,59 €  
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20222609 e 20222610 (FACe).
- AMBIGAL-360 S.L. 682,00 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. A-220843 (FACe).
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 2.004,06 €  
Por traballos de roza de camiños municipais e baleirado de depuradora en Río, s/factura núm. S-42.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)